

Debido á situación especial que estamos a vivir derivada da pandemia do COVID19, o equipo de mestras de 5º nivel de educación infantil realizamos a seguinte adaptación na programación didáctica inicial. Reducimos e recollemos só aqueles obxectivos e contidos que cremos que podemos traballar e valorar neste 3º trimestre do curso 2019/20.

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

OBXECTIVOS:

- Percibir a estrutura global do corpo.
- Recoñecer algúns elementos do seu corpo: cabeza, tronco, extremidades, elementos da cara.
- Participar nas actividades de grupo.
- Experimentar algunhas sensacións a través dos sentidos.

CONTIDOS:

- corpo: estrutura global, elementos.
- Participación.
- Sensacións corporais

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

OBXECTIVOS:

- Valorar, aceptar e respectar as normas de convivencia establecidas no grupo.
- Perfeccionarse na adquisición de hábitos sociais.
- Iniciarse na adquisición de hábitos destinados a coidar e respectar o contorno.
- Relacionar os números coas cantidades que representan.
- Recoñecer os atributos de forma, tamaño e cor dos elementos.
- Solucionar sinxelos problemas de lóxica.

CONTIDOS

- Normas de convivencia.
- Hábitos sociais.

- Coidado do contorno.
- Nocións cualitativas: forma, tamaño, cor.
- Números
- Experiencias.
- Problemas de lóxica.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN. LINGUAXE VERBAL.

OBXECTIVOS:

- Describir obxectos, debuxos, persoas, láminas, fotos...
- Comprender as ideas esenciais dun conto.
- Expresar as propias vivencias, necesidades, sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral.
- Recoñecer o seu nome e iniciarse na súa escritura en letras maiúsculas.

CONTIDOS:

- A descripción.
- A narración.
- Expresión oral: vivencias, necesidades, sentimentos, desexos e ideas.
- propio nome.

LINGUAXE ARTÍSTICA.

OBXECTIVOS:

- Memorizar, reproducir e dramatizar cancións sinxelas.
- Imitar, reproducir e improvisar danzas.
- Identificar a música como expresión de sentimentos e vivencias reais ou fantásticas.
- Experimentar as formas plásticas e as imaxes visuais como instrumento de comunicación e exteriorización de pensamentos e sentimentos.

CONTIDOS:

- Cancións e cantinelas.

LINGUAXE AUDIOVISUAL

OBXECTIVO:

- Sentir curiosidade e interese por utilizar as TIC

CONTIDO:

- Curiosidade e interese

COMPETENCIAS QUE SE PRETENDEN ACADAR EN EDUCACIÓN INFANTIL

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta competencia está referida ao uso das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir. No caso da Educación Infantil as destrezas de falar e escoitar son prioritarias na lingua materna e exclusivas na lingua estranxeira, pero isto non impide o achegamento ao código escrito e, sobre todo, á literatura infantil a través de contos e relatos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA

Nesta etapa séntanse as bases para que os alumnos constrúan, de forma coherente, as habilidades matemáticas e as utilicen de forma automatizada. Con esta competencia preténdese desenvolver e aplicar o pensamento matemático co fin de resolver diversos problemas en situacións cotiáns.

COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Nesta etapa da educación, os alumnos amplían o seu coñecemento do mundo a través da interacción coas persoas, os obxectos, a exploración do espazo e do tempo...

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

Esta competencia baséase no uso adecuado das tecnoloxías da sociedade da información, como ferramenta de traballo, lecer e comunicación. Os alumnos da etapa de Educación Infantil xa comezan a familiarizarse co ordenador e algúns dos seus usos.

COMPETENCIA SOCIAL

Refírese ás formas de comportamento que preparan ás persoas para unha vida socialmente eficaz. Os alumnos desta etapa da educación serán competentes para escoitar, respectar a quenda de intervención, presentarse, prestar axuda...

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

Esta competencia está ligada á de achegamento ao mundo que lle rodea, pois ambas contribúen ó coñecemento, comprensión, uso e valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas.

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

A etapa da Educación Infantil é fundamental para que os nenos/as poidan aprender gozando e facelo dunha forma eficaz e autónoma de acordo coas esixencias en cada situación.

AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

Esta competencia constrúese desde o coñecemento de si mesmo e maniféstase a través do uso do propio corpo, cada vez de forma máis efectiva.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

ÁREA DE COÑECIMENTO DE SI MESMO

- Recoñecer, identificar e representar as distintas partes do corpo.
- Recoñecer percepciónns e sensacións a través dos sentidos.
- Aceptar e cumprir as normas da clase e colaborar nas tarefas colectivas.

ÁREA DE COÑECIMENTO DO CONTORNO

- Explorar e recoñecer os atributos dos elementos do seu contorno.
- Avanzar no coñecemento da serie numérica.
- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá, usando e comparando magnitudes de peso e lonxitude.
- Manifestar actitudes de respecto pola natureza.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar a linguaxe oral como medio de comunicación cos seus iguais e cos adultos.
- Interesarse polos textos escritos do seu contorno, iniciándose no seu uso.
- Recoñecer o seu nome e o dos compañeiros e compañeiras
- Utilizar as representacións plásticas, musicais, corporais e audiovisuais para expresar os seus sentimentos e as súas vivencias.
- Empregar as técnicas e os recursos da expresión plástica, corporal e musical.

ITEMS SELECCIONADOS PARA A 3ª AVALIACIÓN

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Participa activamente nas actividades e tarefas.
- Identifica os sentidos e os seus órganos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno.

Coñecemento do contorno

- Asocia algúns números coas cantidades que representan.
- Busca estratexias para resolver situacións problemáticas
- Identifica normas básicas para a conservación do contorno.
- Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos
- Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.

Linguaxes: comunicación e representación

- Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.
- Recoñece o seu nome.
- escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas,...
- Iniciouse no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais.
- Participa con interese en actividades expresivas musicais.
- Participa con interese en actividades expresivas plásticas
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.